



## 2ª Convocatoria das Bolsas de verán para estudiantado do Campus Industrial de Ferrol

### 1. OBXECTO

Esta acción pretende incentivar a incorporación do estudiantado de mestrado das titulacións do Campus Industrial de Ferrol (CIF) aos programas de doutoramento do mesmo, involucrándoos en liñas de investigación que poidan dar lugar a algunha publicación.

Para iso convócanse **1 bolsa de verán** para a integración destes/as estudantes nalgunha das liñas de investigación, dirixidas por persoal investigador adscrito ao CIF, **durante 3 meses**, para a realización de tarefas de apoio á investigación do grupo ao que a persoa investigadora adscrita ao CIF pertence.

### 2. FINANCIAMENTO

O financiamento desta convocatoria, por un **importe máximo de 1.602,03 €**, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 0902240865-541A-6400008 do orzamento do Campus Industrial para o ano 2026.

Concederanse un máximo de unha bolsa para estudantes de mestrado.

A bolsa rexida por esta convocatoria consiste nunha axuda a persoas matriculadas nun mestrado dalgunha das titulacións que se imparten no CIF para que se incorporen nalgunha das liñas de investigación das persoas adscritas ao mesmo.

**O importe bruto da bolsa será de 523,17 euros mensuais**, a que se aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O importe da cota patronal será de 10,84 €, que non se reterá con cargo ao importe bruto mensual.

A **duración desta bolsa** será de **tres meses no período comprendido entre o día 01/07/2026 e o 30/09/2026**, cunha dedicación total de **200 horas** a acordar coa persoa investigadora responsable, **sen que o tempo de dedicación diario poida exceder de cinco horas**.

O horario concertarase coa persoa investigadora que titorizará o traballo.

### 3. REQUISITOS

Poderá solicitar esta bolsa aquel **estudiantado universitario matriculado nun curso de mestrado** no que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes cumpra os seguintes **requisitos**:

- Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Mestrado das titulacións do Campus Industrial de Ferrol.
- Ter formalizada a matrícula no curso 2025/2026 en ensinos oficiais do CIF da totalidade de materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos de mestrado.



- c) Non percibir ningunha axuda económica / bolsa incompatible.
- d) Non realizar ningunha actividade retribuída que supoña a percepción dunha cantidade superior ao 30% do salario mínimo interprofesional (SMI) durante o tempo de desfrute da bolsa.
- e) Non percibir a prestación por desemprego, que supoña unha contía superior ao 30% do SMI, durante o tempo de desfrute da bolsa. Para estes efectos poderáselle solicitar á persoa interesada un certificado da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.
- f) Contar co aval dalgunha persoa investigadora adscrita ao CIF que indique no Anexo I as tarefas para realizar polo bolseiro durante a duración da bolsa. O Anexo I debe ir asinado tanto pola persoa solicitante como pola persoa investigadora.
- g) O mesmo investigador ou investigadora só poderá titorizar un/unha estudante nesta convocatoria. Se se presentase máis dunha solicitude avalada pola mesma persoa investigadora, so será tida en conta a rexistrada en primeiro lugar, descartándose o resto.
- h) Non ter sido beneficiario/a de outra convocatoria de Bolsas de Verán do Campus Industrial.

#### 4. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES.

O expediente de solicitude incluirá a seguinte documentación:

1. Anexo I. Solicitude
2. Copia do DNI da persoa solicitante da bolsa
3. Copia do expediente académico da persoa solicitante da bolsa
4. Currículo da persoa solicitante da bolsa
5. Currículo da persoa que titorizará a bolsa

A solicitude de axuda realizarase enviando a documentación requirida ao correo electrónico [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal). Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, facendo referencia inequívoca a esta convocatoria. As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

O **prazo de presentación de solicitudes** será de **5 días hábiles** desde a **publicación** da convocatoria no **taboleiro electrónico da UDC**.

#### 5. SELECCIÓN

As solicitudes que non sexan para apoiar a investigación nos ámbitos nos que o CIF quere centrar o seu posicionamento pola súa consideración de estratéxicos dentro da planificación actual da entidade quedarán inmediatamente descartadas, así como as que non contén co aval dunha persoa investigadora adscrita ao CIF.

Priorizaranse as solicitudes de acordo coa seguinte orde de prelación:

- a) Contribución ao posicionamento do CIF nas liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol, que son as seguintes:
  - Robótica industrial.
  - Materiais.
  - Optimización de procesos industriais.
  - Enxeñería naval e offshore.
  - Xestión industrial.
  - Desenvolvemento de produto.



- a) O expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a resolución do 15/09/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOGA do 30 de setembro), na data de fin de prazo de solicitude da convocatoria. A valoración será ponderada sobre 10. As notas medias de ensinos técnicos multiplicaranse polo coeficiente 1,17.
- b) A puntuación do expediente académico multiplicarase polo seguinte coeficiente corrector, tendo en conta o número de créditos restantes sobre os totais para a obtención do correspondente título:

$$\bullet \text{ Coeficiente corrector} = \frac{n^{\circ} \text{ de créditos superados}}{n^{\circ} \text{ de créditos totais}}$$

## 6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas segundo os requisitos e criterios establecidos nesta convocatoria por unha Comisión de Selección composta polas seguintes persoas:

1. Ana Isabel Ares Pernas, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
2. Marcos Míguez González, director do Campus Industrial de Ferrol.
3. Armando José Yáñez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade.
4. Xurxo Alonso Álvarez, técnico de investigación do Campus Industrial de Ferrol.

A Comisión poderá solicitar información adicional á persoa solicitante no caso que o considere necesario.

## 7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

Nos 20 días hábiles posteriores á recepción das solicitudes publicarase unha listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas no taboleiro electrónico da UDC, e abrirase un prazo de cinco días hábiles que contan a partir do día seguinte ao de publicación para presentar reclamación e/ou achegar a documentación requirida, segundo o motivo da exclusión.

Posteriormente publicarase, tamén no taboleiro electrónico da UDC, a resolución coa proposta de persoas adxudicatarias das bolsas, e a lista de agarda.

## 8. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito redactado conforme o modelo do Anexo II.

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días hábiles, que contarán a partir da comunicación por correo electrónico. De non aceptar neste prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

No caso de aceptación deberán achegar no mesmo correo electrónico a seguinte documentación:

- Impreso de alta cuberto  
([https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/\\_galeria\\_down/xerencia/servizos/xestion\\_financiera/r\\_circular\\_1.2010\\_anexo\\_i\\_-\\_castellano.pdf\\_2063069239.pdf](https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/xerencia/servizos/xestion_financiera/r_circular_1.2010_anexo_i_-_castellano.pdf_2063069239.pdf))
- Copia do documento de identidade en vigor, por ambas caras.
- Certificación de titularidade de conta bancaria.
- Resolución de asignación de número de afiliación á Seguridade Social.
- Vida laboral actualizada.
- Outros documentos (se procede): permiso de traballo / residencia



A aceptación da bolsa implica a aceptación das condicións de execución, obrigacións e xustificación, segundo o establecido na presente convocatoria.

## 9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias deben:

- a) Despois da tramitación da súa bolsa, as persoas beneficiarias poñeranse en contacto coa persoa titora a efectos de establecer horarios, respectando as limitacións desta convocatoria.
- b) Comprometerse a realizar as accións formativas e de investigación seguindo as indicacións da persoa titora.
- c) Incluír o mérito no seu CV persoal.
- d) No prazo comprendido nos 10 días seguintes á finalización da bolsa as persoas beneficiarias deben entregar unha memoria das actividades realizadas a [investigación.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigación.campus.industrial@udc.gal), conforme ao modelo do Anexo III.

O incumprimento destas obrigas dará lugar á obrigación de devolución do importe da bolsa.

## 10. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase con referencia á situación de dereito da persoa beneficiaria por **transferencia á súa conta bancaria**.

## 11. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigacións establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, establézanse nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

## 12. INCOMPATIBILIDADE E RENUNCIA

Esta axuda é incompatible con outras axudas segundo o indicado no apartado 3 desta convocatoria.

A persoa que renuncie á bolsa unha vez iniciada esta, deberá presentar a memoria no prazo de cinco días hábiles seguintes á data da renuncia ao correo electrónico [investigación.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigación.campus.industrial@udc.gal).

O incumprimento deste deber suporá o reintegro das cantidades percibidas.

As baixas que se produzan nos primeiros 15 días serán substituídas pola primeira persoa na lista de agarda.

## 13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa



Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

Mediante a concorrência a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 da Coruña ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente a Persoa Delegada de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal).

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas.



## ANEXO I

## Solicitud de bolsa de verán do Campus Industrial de Ferrol

Dirección de envío da Solicitud: [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal)

Datos da persoa solicitante			
Nome e apelidos			
DNI			
Correo electrónico		Teléfono	
Titulación en que está matriculado/a			

Datos da persoa que titorizará o traballo	
Nome e apelidos	
Grupo de investigación	
Correo electrónico	

Documentación adxunta	
	DNI/NIE/TIE da persoa solicitante, en vigor, copia por ambas caras
	Expediente académico da persoa solicitante
	CV da persoa solicitante
	CV da persoa que titorizará o traballo

Breve descripción dos traballos de investigación a desenvolver	

<input type="checkbox"/>	SI	Autorizo á publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, conforme ao que establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
<input type="checkbox"/>	NON	

Data e sinatura da persoa solicitante

Data e sinatura da persoa investigadora titora

**ANEXO II**
**Aceptación ou renuncia á bolsa, e confirmación doutras axudas para o mesmo fin**

 Dirección de envío do Anexo II: [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal)

Datos da persoa beneficiaria			
Nome e apelidos			
DNI			
Correo electrónico		Teléfono	
Dirección completa		Código postal	
Localidade		Provincia	
Data de nacemento		Lugar de nacemento	

Ao aceptar a axuda, a persoa beneficiaria:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da axuda que se lle concedeu.
- Comprométese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estimou merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido en caso de incumprimento.

<input type="checkbox"/>	Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria
<input type="checkbox"/>	Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria

Confirmación doutras axudas para o mesmo fin. Confirmo que	
<input type="checkbox"/>	<b>NON</b> solicitei / recibín outras axudas para o mesmo fin.
<input type="checkbox"/>	<b>SI</b> solicitei / recibín outras axudas para o mesmo fin, polo seguinte importe:
Euros	Importe doutras axudas solicitadas / recibidas para o mesmo fin

Documentación adxunta	
<input type="checkbox"/>	Impreso de alta cumprimentado
<input type="checkbox"/>	<a href="https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/galeria_down/xerencia/servizos/xestion_financeira/r_circular_1.2010_anexo_i_-_castellano.pdf">https://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/galeria_down/xerencia/servizos/xestion_financeira/r_circular_1.2010_anexo_i_-_castellano.pdf</a>
<input type="checkbox"/>	Copia do documento de identidade en vigor, por ambas caras
<input type="checkbox"/>	Certificación de titularidade de conta bancaria
<input type="checkbox"/>	Resolución de asignación de número de afiliación á Seguridade Social
<input type="checkbox"/>	Vida laboral actualizada
<input type="checkbox"/>	Outra documentación (se procede): permiso de traballo / residencia

Sinatura da persoa beneficiaria

Data

**ANEXO III**  
**Memoria final**

Dirección de envío do Anexo III: [investigacion.campus.industrial@udc.gal](mailto:investigacion.campus.industrial@udc.gal)

Datos da persoa beneficiaria			
Nome e apelidos			
DNI		Grupo de investigación no que realizou o traballo	

Breve descripción das tarefas realizadas durante o período de disfrute da bolsa

Resultados obtidos

Sinatura da persoa beneficiaria

Data

Vº Bº da persoa titora